

Comentarios no blog do ies Sánchez Cantón no curso 2007-2008

1. Este libro contén unha variedade magnífica de relatos; breves pero con mensaxe. En todos eles se nota claramente a pegada galega, historias da emigración, feitos inexplicables propios das lendas de Galicia e contos que se escoitan nas tabernas de porto. O primeiro relato foi o que máis me gustou, recordo que o léramos na clase o ano pasado e parecérame gracioso. Trata dun home que leva un cadaleito para enterralo cando escoita uns golpes dentro, e pensa que o cadáver está vivo. Vai narrando as diferentes opcións que ten e as consecuencias: avisar á xente, que pode ser unha broma de mal gusto se non é verdade, ou deixalo pasar e se verdadeiramente está vivo será un acto de covardía. Tamén me gustou "A luz en silencio", un conto de intriga e suspense. Ó final non se sabe o que acontece, cada un pode facer as súas propias hipóteses sobre os acontecementos. Un relato que me chamou a atención foi "A morte de Estreliña", sobre unha nena moi obediente. Un día morre e á familia aféctalle moito. Creo que a finalidade desta historia é só entreter, pero podíamos pensar que é unha crítica, xa que os pais a botan de menos para ir á horta ou para ir á fonte. Pareceume curioso o relato do "Cabaliño de xadrez", onde as fichas do xogo cobran vida e falan das súas experiencias como participantes no xogo do xadrez. Foi un dos que máis me gustou. Un relato moi entretido foi "Once mil novecentos seis" que trata dun home enfermo que foi metido nunca caixa conxelado por se a súa enfermidade se podía curar no futuro, e podía vivir uns anos máis. Cando esperta ... Pareceume moi interesante e opino que os médicos non deberían conxelar ao home, xa que, no futuro onde as cousas cambiaron tanto e non tes a túa familia, amigos, médicos, non paga a pena vivir "uns anos máis". Outras historias, como "O caso dos tres fornos" ou "O grandor do mundo" non me gustaron moito e tampouco entendín ben o que o escritor quería transmitir. En conclusión, foi un libro moi curioso para min, que me amosou que se pode escribir unha historia sobre calquera cousa é ser entretida. (Teresa)

2. Este é un libro moi doado de ler e a verdade non está mal. O feito de estar feito por moitos relatos breves causa un pouco de confusión, xa que as historias non teñen case nada en común. O relato que máis me gustou foi: "O neno suicida". Gustoume xa que é moi curioso o crecemento dunha persoa pero o revés, ou sexa en vez de ir de neno a vello, ía de vello a neno. En definitiva gustoume o libro xa que é moi doado de ler, moi entretido e contén moitos ideais galegos coma a emigración a América. Nota numérica: 7 (Silvia)

3. Nas seguintes liñas farei un comentario do libro. Primeiro falarei dos aspectos que máis me gustaron, despois das cousas que eu cambiaría ou quitaría del e xa para rematar darei a miña impresión xeral. Para comezar, direi que "Dos arquivos do trasno" é un libro de relatos curtos e para comentalo gustárame destacar os que máis me impresionaron. O que para min é o mellor é o que ten por título "A morte de Bieito". É un relato tremendamente entretido, o autor consegue crear con moi poucos elementos un misterio e un suspense maxistral. Ademais, todos estamos esperando a que o home que leva o cadaleito fale, avise da posibilidade de que Bieito estea aínda vivo. Todos pasamos algunha vez por esa situación, na que sabemos que temos que dicir algo pero non somos capaces, todos fomos algunha ocasión o home que levaba o cadaleito. Ao final do relato, o desenlace queda como incompleto. Nunca o saberemos e quizais iso é algo que lle axuda a este relato a ser tan fermoso e darlle ese aire misterioso. Outro dos relatos que penso que cómpre destacar é "A luz en silencio". Neste relato gustárame salientar o seu final, que é unha vez máis sorprendente, porque Dieste fainos crer algo ilóxico, algo moi pouco probable, fainos crer que ... Hai tamén un relato que vou citar aquí sobre todo pola súa orixinalidade, "O neno suicida". O autor consegue neste conto crear unha historia preciosa e sorprendente a partir dun feito realmente deprimente. Unha vez máis, o relato queda no aire, xa non sabemos se ... Así como acabo de resaltar estes tres, ao meu entender, maxistrais relatos, penso que tamén é xusto dicir que hai algúns outros que son algo menos entretidos e que incluso por problemas de vocabulario se fan difíciles de entender. Xa para rematar, teño que dicir que este foi sen lugar a ningún tipo de dúbidas un dos libros que máis me gustou desta materia. É moi entretido e o feito de estar constituído de pequenos relatos fai que sexa moi dinámico. (Victor)

4. Este libro gustoume, principalmente pola súa dinámica entretida e polo seu contido orixinal e misterioso. En primeiro lugar, salientar que a similitude de todos os contos é que os personaxes de cada un deles están relacionados coa morte, coa tristeza... Ademais, seméllanse en que o remate é algo inesperado. Cada conto é diferente do anterior, o que ameniza a lectura. O autor do libro, Rafael Dieste, logra con xenialidade introducirmos en cada un dos relatos por medio dos personaxes. En segundo lugar gustárame destacar os contos que máis me gustaron. "O vello que quería ve-lo tren" é un dos meus preferidos, porque considero que mostra moi ben o contraste dun vello e un rapaz, e o medo ao avance industrial por parte do vello. Pola contra o rapaz mostra a súa satisfacción desexando subirse ao tren. "O neno suicida" tamén me gustou moito, pois o autor consegue meternos no relato completamente e cando desexamos saber que vai pasar despois, alude a que o vagamundo só quería ... Entre os meus favoritos tamén se atopan "A luz en silencio", "A morte de Bieito", "O drama do cabalo de xadrez", "O vello moreno", caracterizados todos polo seu contido intrigante. Para rematar, dicir que aínda que algúns dos contos non me gustaron tanto coma outros, encontro que o autor sabe conservar no lector o entusiasmo do "que pasará logo". En canto ao título, dicir que está formado por varias

historias recapituladas (arquivos) onde xorden diversos acontecementos algo misteriosos (do Trasnó). (Paula)

5. *Dos artigos do trasno* cóntanos vinte pequenas historias. Na primeira, *Sobre da morte de bieito*, trata sobre o momento en que levan ó pobre Bieito no ataúde para enterraló no camposanto, un dos que levaba o cadaleito oíu un ruído dentro, pero por vergoña e por temor a ser acusado de troleiro, non dixo nada. Outras historias que me chamaron a atención foron:

-*O neno suicida*: un home conta nunha taberna despois de ler unha noticia de que un neno quería suicidarse. Era un vello que naceu da terra, non sabía falar... comezou a falar, e conforme pasaban os anos íase facendo máis novo.

-*Na morte de Estreliña*: Estreliña era unha rapaza moi obediente que sempre facía todo o que os seus pais lle mandaban, sen pensar en recibir nada a cambio. *O caso dos tres fornos*: Trátase dun home que traballa nun barco de tres fornos, os que hai que limpar, pero cada persoa encárgase dun, e só dun, ata que o maquinista chama a o home e lle ordena que limpe os tres fornos. (anónimo)